



**ACTA NÚM. 09/2015 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 01 DE SETEMBRO DO 2015.**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás vinte horas e trinta minutos do día primeiro de setembro do ano dous mil quince, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

No asiste a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.  
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

**1. ACTA Nº 8/2015 DE DATA 07-07-2015.**

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 8/2015 de data 07-07-2015, considéranse se considera aprobada votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

**2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PEDANÍA.**

Pola Presidencia dáse conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 14-05-2015 ata o día 24-08-2015, da que se entregou copia aos membros asistentes dos grupos políticos do P.P. e do PSdeG-PSOE, quedando a Xunta enterada.

**3. DEVOLUCIÓN FIANZA A MADERAS MANUEL GIL ALONSO, S.L., CORRESPONDENTE AO LOTE Nº 4 (EXPTE Nº 3603913400004) DA SUBASTA DE MADEIRA CELEBRADA POLA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO**

Visto o escrito R.E. nº 80/31-07-2015 no que MADERAS MANUEL GIL ALONSO, S.L., adxudicataria do referido lote nº 4 (expediente Nº 3603913400004), na subhasta de madeira celebrada por esta Entidade, solicita a devolución da fianza consignada un importe de 2.337,55 € en dita subhasta; e a acta de recoñecemento, de data 22-05-2015, relativa ao expediente: 3603913400004, Lote: 4, especies: Eucalyptus globulus, Pinus pinaster, cousa certa: 448 pés; 1.244 pés, volume m3: 169,53 m3; 952,67 m3, asinada polo axente forestal do Servizo Provincial de Montes da Consellería do Medio Rural, pola citada empresa adxudicataria e polo Alcalde Pedáneo, na que se fai constar que recoñecido o devandito lote de corta e douscentos metros o redor NON se veñen de comprobar a existencia de danos.

A Presidencia formula a seguinte **proposta de Acordo:**

Devolver ao adxudicatario do referido lote nº 4, a fianza solicitada.

**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n,  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TEL.º: 608 88 62 22

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

**4. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:**

**A) MOCIÓNS.**

O vocal Sr. Fernández Vázquez (PSdeG-PSOE), formula in voce a seguinte moción:

Solicitar ao Organismo competente da Xunta de Galicia que, polo menos, un día ou dous a semana, ou o tempo que consideren oportuno, envíen un ATS á parroquia de Chenlo, Concello do Porriño, Pontevedra, para atender onde estimen pertinente, aos veciños/as da parroquia das urxencias de 1º necesidade propias da súa competencia evitando deste xeito a penosidade de ter que desprazarse ao Centro de Saúde do Porriño.

O Presidente somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción quedando aprobada por unanimidade.

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a anterior moción resultando aprobada por unanimidade.

**B) ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS:**

Non se formula ningún.

**PREGUNTAS:**

Non se formula ningunha.

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as vinte horas e cincuenta minutos do día ut supra. Dou fe.

